



concello de  
agolada

Tel: 986 788 062/063  
Fax: 986 788 190  
[concello@agolada.es](mailto:concello@agolada.es)  
<http://www.agolada.es>



*DONA MARIA CRESPO VARELA, SECRETARIA – INTERVENTORA DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),*

**CERTIFICO:**

Que o día vinteun de marzo de dous mil dezasete tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 21 DE MARZO DE 2017.**

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as doce horas do día vinteun de marzo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, don Alberto Vilariño Coego e don Juan Manuel Ramos Buján, asistidos da Sra. Secretaria accidental da Corporación, dona María Crespo Varela, se celebra a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudio dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de marzo de dous mil dezasete.

**2.- LICENCIAS DE OBRA**

Dáse conta do escrito número 2017-E-RC-327, de data 13 de marzo de 2017, suscrito por D. Eladio Sixto Mosteiro polo que se interesa a concesión da licencia municipal de obras para Revestimento de fachada (adecentado de fachada e recercado de fiestras) dunha vivanda sita en Avenida Joaquín Loriga, número 17 – 1º deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 19 de marzo de 2017, que o fai no senso favorable a concesión da licencia que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda

Ramiro Varela Peón (1 para 2)  
Alcalde Presidente  
Data de Sinatura: 28/03/2017  
HASH: 19707428eb478224c9db5f7ab2cc6cb4

María Crespo Varela (2 para 2)  
Secretaría Accidental  
Data de Sinatura: 29/03/2017  
HASH: 3cfcfe7ec0fad0cd05e9d971d04e207

**ACTA DE XUNTA DE GOBERNO**

Número: 2017-0004 Data: 28/03/2017



Cod. Validación: 7Z4CTGDESC3N7CN7MX2RVAR9 | Corrección: <http://agolada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 3111, de data 22 de decembro de 2017, suscrito por D. Joaquín Mejuto Méndez polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Instalación dun novo recubrimento da cuberta do edificio sito en Avenida do Iryda número 24 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 19 de marzo de 2017, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 2017-E-RC-331, de data 14 de marzo de 2017, suscrito por D. Gonzalo Varela Méndez polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Reconstrucción dun muro de cerre preexistente sito no lugar de Meixide, parroquia de Borraxeiros deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 19 de marzo de 2017, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 2017-E-RC-339, de data 14 de marzo de 2017, suscrito por D. Joaquín Mejuto Méndez polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Cuberta volada sobre escaleiras exteriores dun edificio sito en Avenida do Iryda, número 24 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 19 de marzo de 2017, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2017-0004 Data: 28/03/2017



### **3.- BENEFICIARIOS DE ALTA, HORAS ADXUDICADAS E EMPREGADAS APTAS PARA CADA SERVIZOS DE SAF/ DEPENDENCIA.**

Dase conta da documentación presentada pola traballadora social de servizos comunitarios e responsable do programa de DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR do Concello de Agolada, D. Carmen Ansedes López, sobre os beneficiarios de alta, horas adxudicadas e empregadas aptas para cada servizo:

#### **SEMANA 12- do 20 ó 25 de marzo de 2017.**

693 h/semana S.A.F. BÁSICO

1.297 h/semana S.A.F. DEPENDENCIA

AMPLIACION DE HORAS SAF DEPENDENCIA A NOME DE D.S.E. PASA DE TER 25 h/mes a 45 h/mes.


#### **4.- DEVOLUCIÓN AVAL**

Dáse conta do escrito número 2017-E-RC-347 de data 16 de marzo de 2017, suscrito por D. ISABEL RODRIGUEZ TORRES, adxudicataria do contrato de servizos do Bar do Centro da Terceira Idade de Agolada, e polo que se interesa a devolución do aval constituído no seu día para responder das obrigacións derivadas do contrato para a execución de dito suministro.

Resultando que a empresa adxudicataria do contrato está liberada resultando das súas responsabilidades, o ter cumpridas tódalas obrigacións adquiridas no seu días. A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda a devolución e cancelación do aval constituído para responder das obrigacións derivadas do devandito contrato.

#### **5.- PRORROGA LICENCIA DE OBRAS**

Visto o escrito número 17-E-RC-283 de data 3 de marzo de 2017, suscrito por D. María Jesús Vázquez Failde, polo que se interesa a concesión dunha prorroga da licenza de obras para Proxecto de instalación de explotación de porcino sita no Lugar de Lamas parroquia de Trabancas deste Concello, que lle foi concedida o día 30 de agosto de 2016.





concelo de  
agolada

Tel: 986 788 062/063  
Fax: 986 788 190  
[concello@agolada.es](mailto:concello@agolada.es)  
<http://www.agolada.es>



A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda conceder a prórroga de seis meses na licencia de obras que ten concedida o interesado.

## **6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS**

### **NON HAI ESCRITOS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde – Presidente levántese a sesión, sendo as doce horas e cuarenta e cinco minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde – Presidente, en Agolada a vinteun de marzo de dous mil dezasete.

Vº.Bº. O Alcalde,

A secretaria accidental,

**ACTA DE XUNTA DE GOBERNO**

Número: 2017-0004 Data: 28/03/2017



Cod. Validación: 7Z4CTGDESC3N7CN7MX2RVAR9 | Corrección: <http://agolada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4